


Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2021-2025

	% (T/T-4)	2021	2022	2023	2024	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24	4T24	1T25
Galicia		8,8	4,5	2,2	2,8	0,0	20,5	7,5	7,4	6,2	5,7	3,2	2,9	3,4	1,4	1,8	2,2	2,6	2,6	2,9	2,9	2,8
España		7,3	6,2	2,4	3,2	-2,9	19,8	5,4	6,7	6,9	7,3	6,1	4,6	3,9	2,4	2,2	2,3	2,7	3,3	3,3	3,3	2,8

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

O PIB galego no primeiro trimestre de 2025 medrou en 0,6 puntos porcentuais respecto do anterior, o que supuxo o incremento de 2,8 puntos en termos interanuais. O PIB en España medrou nos mesmos valores, tanto en termos intertrimestrais como interanuais. Todos estes valores axustáronse ás previsións.



A evolución da variación porcentual do PIB interanual, (ver Gráfico 1) reflicte que desde o segundo trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. Porén, este trimestre foi o primeiro dos últimos sete no que o a taxa de crecemento interanual do PIB foi inferior á do trimestre pasado tanto en Galicia como en España.

No que atinxe ás previsións para o segundo trimestre de 2025 recollen un 0,5% de suba do PIB en Galicia respecto do anterior e un incremento do 2,5% en termos interanuais. As previsións para España neste período son de subas porcentuais do 0,7 intertrimestral e do 2,8 interanual.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 2: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior Diferenza	Porcentaxe	Variación mesmo trimestre ano anterior Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.271,6	10,5	0,8	16,2	1,3
España	24.821,8	267,2	1,1	381,8	1,6

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

trimestre de 2024 tanto a poboación activa galega (1,3%) como a española (1,6%) medraron por riba do un por cento, aínda que dito crecemento foi un pouco menos intenso en Galicia.

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou en 15.400 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 1,3%), dato inferior en case que un punto porcentual á media española, logo de que a ocupación en España aumentara en 503.300 persoas. En termos interanuais producíronse incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 30.000 (o 2,6%) como en España, onde o fixeron en 584.000 (o 2,7%) Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no segundo trimestre de 2025 ata o 48,9%, taxa superior en seis décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en máis de catro puntos porcentuais á taxa do 53,0% rexistrada en España neste trimestre, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España aumentou en case que medio punto porcentual respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia produciuse unha redución do paro no trimestre de -4.900 persoas, o que supuxo unha diminución do -4,4% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España se reduciu no trimestre nun total de -236.100 persoas paradas menos (o -8,5%). Porén, na comparación co sucedido fai catro trimestres, a redución do paro en Galicia foi superior á de España, logo de que o paro baixara en -13.700 persoas, o que supón unha redución interanual do paro do -11,5%, superior ao -7,3% en España, onde o descenso do paro respecto ao segundo trimestre de 2024 foi de -202.200 persoas. Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 8,3% mentres que en España pasou a ser do 10,3%.


Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2025

2T25	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	115.545	111.641	107.254	-3.610	-3.904	-4.387	-3,0%	-3,4%	-3,9%	-10.789	-10.395	-10.684	-8,5%	-8,5%	-9,1%
Homes	48.191	46.099	44.003	-1.894	-2.092	-2.096	-3,8%	-4,3%	-4,5%	-4.804	-4.737	-4.884	-9,1%	-9,3%	-10,0%
Mulleres	67.354	65.542	63.251	-1.716	-1.812	-2.291	-2,5%	-2,7%	-3,5%	-5.985	-5.658	-5.800	-8,2%	-7,9%	-8,4%
<30 anos	12.913	12.322	11.343	-960	-591	-979	-6,9%	-4,6%	-7,9%	-938	-591	-1.008	-6,8%	-4,6%	-8,2%
entre 30 e 44 anos	31.349	29.895	28.478	-1.289	-1.454	-1.417	-3,9%	-4,6%	-4,7%	-3.735	-3.840	-3.833	-10,6%	-11,4%	-11,9%
>44 anos	71.283	69.424	67.433	-1.361	-1.859	-1.991	-1,9%	-2,6%	-2,9%	-6.116	-5.964	-5.843	-7,9%	-7,9%	-8,0%
Agricultura e Pesca	3.497	3.358	3.212	-113	-139	-146	-3,1%	-4,0%	-4,3%	-544	-514	-513	-13,5%	-13,3%	-13,8%
Industria	10.940	10.606	10.233	-157	-334	-373	-1,4%	-3,1%	-3,5%	-1.508	-1.436	-1.420	-12,1%	-11,9%	-12,2%
Construción	7.313	7.035	6.857	-213	-278	-178	-2,8%	-3,8%	-2,5%	-1.131	-1.145	-1.056	-13,4%	-14,0%	-13,3%
Servizos	82.951	80.127	76.876	-2.681	-2.824	-3.251	-3,1%	-3,4%	-4,1%	-7.025	-6.628	-6.839	-7,8%	-7,6%	-8,2%
Sen emprego anterior	10.844	10.515	10.076	-446	-329	-439	-4,0%	-3,0%	-4,2%	-581	-672	-856	-5,1%	-6,0%	-7,8%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Xunta de Galicia

Os Boletíns mensuais do paro rexistrado para o segundo trimestre do ano indican que o **paro rexistrado** veuse reducido en -4.387 persoas (o -3,9%) respecto do primeiro. Respecto do remate do segundo trimestre de 2024 a taxa de redución rexistrada foi do -9,1%, redución que supera en 1,5 puntos porcentuais á redución interanual ao remate do trimestre anterior. O Gráfico 2, -que amosa a evolución da taxa de variación interanual do paro rexistrado e no cal os meses dos segundos trimestres aparecen sinalados na cor

verde- indica que o paro rexistrado leva 51 meses consecutivos de redución interanual e tamén que dita redución foi a máis intensa dos últimos catro trimestres, logo de que as porcentaxes de redución se mantiveran mes a mes entre o -8,5% e o -9,1%.



Por sexos, a taxa de redución do paro rexistrado foi superior entre os homes respecto das mulleres e, a pesares de que o número de homes rexistrados como parados é moito menor que o de mulleres, a redución en termos absolutos foi tamén maior para eles en abril e maio con respecto á que se produciu entre as mulleres. Isto levou a diferenza entre o número de mulleres e o de homes que se rexistran como parados a superar as 19.200 persoas (no trimestre o diferencial entre mulleres e homes incrementouse en máis de 250 mulleres paradas rexistradas). En termos porcentuais isto eleva a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas nun punto para ficar no 59,0%, fronte ao 58,0% co que se pechou o pasado trimestre. Respecto do segundo trimestre de 2024 produciuse un incremento de cinco décimas, xa que ao remate daquel trimestre o paro feminino rexistrado era o 58,5% do total.

O análise en función do grupo de idade amosa reducións para todos os grupos tanto respecto do trimestre anterior como do segundo trimestre de 2024. A taxa de redución intertrimestral foi maior entre o grupo de menor idade mentres que, tal e como ven de acontecer nos últimos oito trimestres, o grupo de persoas de entre 30 e 44 anos foi o que amosou unha taxa de redución maior en comparación cos datos recollidos fai catro trimestres. Este grupo foi o único que amosou reducións interanuais do paro rexistrado de dous díxitos, e o fixo para cada mes do trimestre. Pola súa banda o grupo de persoas de 45 ou máis anos foi o único no que as reducións foron menores da redución media en cada mes e para os dous períodos de referencia, con reducións que, en todo caso, foron medrando segundo avanzaba o trimestre.

Polo que atinxe á análise para os distintos sectores de actividade, as reducións foron xeneralizadas: producíronse en cada sector e para cada mes do trimestre, tanto respecto ao acontecido no mes anterior, no conxunto do trimestre, respecto do mesmo mes do ano pasado e respecto do mesmo trimestre do ano pasado. Mes a mes, o sector servizos foi o único que amosou reducións por riba da media para cada mes do trimestre, mentres que o sector industrial foi o único para o cal as reducións foron menores á redución media en cada mes. Ao remate do trimestre a menor redución foi a rexistrada na construción, preto dun punto e medio por baixo da redución media. En termos interanuais, tanto o sector primario como a industria e a construción amosaron reducións do paro rexistrado de dous díxitos respecto da redución media. Destaca neste senso o sector agrícola-pesqueiro, no que a redución superou a media en preto de cinco puntos. No sector servizos, sempre o máis numeroso, a taxa de redución mantívose en cada mes preto dun punto porcentual por baixo da media. A redución menos intensa tivo lugar entre o grupo de persoas sen emprego anterior (por baixo do -8% interanual en xuño, con todo superior en máis de dos puntos á taxa de paro rexistrado interanual para ese grupo tres meses antes).

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
2T25	186.090	37.623	25,3%	3.091	1,7%
Homes	96.690	20.420	26,8%	281	0,3%
Mulleres	89.400	17.203	23,8%	2.810	3,2%
<30 anos	69.322	19.357	38,7%	5.695	9,0%
entre 30 e 44 anos	63.136	9.424	17,5%	-2.575	-3,9%
>44 anos	53.632	8.842	19,7%	-29	-0,1%
Indefinido	57.437	5.750	11,1%	-181	-0,3%
Temporal	127.674	31.887	33,3%	3.524	2,8%
Prácticas / Formación	824	-4	-0,5%	463	128,3%
Outros	155	-10	-6,1%	-715	-82,2%
Agricultura e Pesca	4.804	-24	-0,5%	166	3,6%
Industria	26.523	1.545	6,2%	-1.921	-6,8%
Construción	7.368	38	0,5%	-58	-0,8%
Servizos	147.395	36.064	32,4%	4.904	3,4%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses de abril a xuño de 2025 recollen a sinatura de 186.090 novos contratos, número que supera en máis do 25% aos asinados entre xaneiro e marzo. En termos interanuais a contratación aumentou en preto do 2%, o que fai deste trimestre o terceiro dos últimos catro nos que se rexistra aumento da contratación neste lapso temporal.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenza entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres foi de case 7.300 novos contratos a favor deles (52,0% do total asinado fronte ao 48,0%) e a taxa de novos contratos asinados medrou entre os

homes tres puntos máis que entre as mulleres con respecto ao trimestre anterior. Porén, na comparanza cos datos do segundo trimestre de 2024, se ben o número de contratos novos tamén aumentou entre os homes o fixo apenas en tres décimas de punto, incremento moi inferior ao rexistrado entre as mulleres, para as cales a taxa de aumento superou os tres puntos porcentuais.


Por rangos de idade en termos intertrimestrais tanto os aumentos como as reducións de novos contratos asinados adoitan ser maiores entre as persoas máis novas e este trimestre non foi unha excepción: así, o aumento da nova contratación foi moito máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (preto do 39%) e foron o único grupo de idade para quen o número de novos contratos medrou por riba do incremento medio. Estas diferenzas evidenciáronse dun xeito máis acusado na comparanza co que sucedeu no segundo trimestre do 2024, posto que o incremento no número de novos contratos só se produciu entre as persoas menores de 30 anos e o fixo nun 9% respecto daquel trimestre mentres que entre os asinados polos de 45 ou máis houbo unha mínima redución (-0,1%) e outra máis notable entre as persoas de idade intermedia (-3,9%).

Coa excepción do sector primario, a sinatura de novos contratos incrementouse para todos os sectores de actividade respecto do primeiro trimestre, destacando de xeito sobranceiro o dos servizos, para o cal a taxa de incremento foi superior ao incremento medio en case sete puntos. Tanto o incremento na construción como a xa citada redución no sector agrícola-pesqueiro foron cativos, de menos dun -1%. Respecto de fai catro trimestres a contratación tan só medrou na agricultura-pesca e, de novo, nos servizos, os dous na contorna do 3,5%. O peor comportamento amosouno o sector industrial cunha redución de novos contratos asinados de preto do -7%.

Tal e como acontece na análise por sectores co sector servizos, o comportamento global por tipo de contrato asinado é moi dependente do que faga a contratación temporal, que neste trimestre aumentou nun terzo respecto do anterior. Pola súa banda, a contratación indefinida nova aumentou respecto do anterior trimestre por riba do 11%, mentres que as outras dous categorías, numericamente menos relevantes, presentaron reducións cativas. Respecto do segundo trimestre de 2024 a contratación indefinida nova reduciuse un pouco (-0,3%) mentres que os novos contratos temporais medraron en preto do 3%. Nas categorías de en Prácticas / formación e Outros as variacións nas taxas foron moi notables, o que se relaciona coas reducidas contías deses tipos de contratos.

	Afilación media mensual 2º trimestre 2025 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.087.434	1.094.806	1.102.651	8.038	7.372	7.845	0,74%	0,68%	0,72%	19.099	17.514	17.780	1,79%	1,63%	1,64%
España	21.588.639	21.784.375	21.861.095	230.993	195.736	76.720	1,08%	0,91%	0,35%	487.134	462.581	468.206	2,31%	2,17%	2,19%

Fonte: IGE Informe de afiliación a Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



A **afiliación media** en Galicia pecha o segundo trimestre do ano cun aumento no número de afiliacións de máis de 23.200 persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, incremento que se distribuíu de xeito equilibrado entre cada mes do trimestre, A afiliación media en España tamén medrou en cada mes, pero estes incrementos foron diminuindo a medida que avanzaba o trimestre.

O *Gráfico 3* recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais e nel pódese apreciar como segue a crecer en Galicia e acadou 51 meses consecutivos de crecemento. Respecto da afiliación media rexistrada ao peche do primeiro trimestre de 2025 o ritmo de crecemento da afiliación media interanual mantívose case constante por riba do 1,6% mentres que en España o fixo na contorna do 2,2%. Deste xeito, o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto a España medrou de xeito cativo -menos dunha décima- e pecha xullo lixeiramente por riba das 5 décimas de punto.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Marzo 2024/2025)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	254	242	-4,7	10	6	-40,0	0	2	-----	264	250	-5,3
Pesca	145	151	4,1	6	8	33,3	2	1	-50,0	153	160	4,6
Industria	1.632	1.570	-3,8	14	24	71,4	2	3	50,0	1.648	1.597	-3,1
Construción	936	954	1,9	22	15	-31,8	3	2	-33,3	961	971	1,0
Servizos	3.061	3.287	7,4	50	34	-32,0	6	6	0,0	3.117	3.327	6,7
Total	6.028	6.204	2,9	102	87	-14,7	13	14	7,7	6.143	6.305	2,6

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Marzo 2024/2025)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	780,9	764,6	-2,1	30,7	19,0	-38,3	0,0	6,3	-----	811,7	789,9	-2,7
Pesca	878,2	975,8	11,1	36,3	51,7	42,3	12,1	6,5	-46,7	926,7	1.033,9	11,6
Industria	1.109,1	1.056,3	-4,8	9,5	16,2	69,8	1,4	2,0	48,5	1.120,0	1.074,4	-4,1
Construción	1.164,1	1.172,8	0,7	27,4	18,4	-32,6	3,7	2,5	-34,0	1.195,2	1.193,7	-0,1
Servizos	401,1	427,9	6,7	6,6	4,4	-32,4	0,8	0,8	-1,3	408,4	433,2	6,1
Total	579,7	593,6	2,4	9,8	8,3	-15,2	1,3	1,3	7,2	590,8	603,2	2,1

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

tendencia similar, aínda que o aumento da taxa de sinistralidade rexistrado é menor en medio punto porcentual neste parámetro (tamén por tipos, con menor incremento dos leves e mortais e maior dos graves).

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Maio 2025)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	12	-1	1.070	-1.149	2.194	-392
España	255	-129	107.725	-12.456	273.986	-195.183

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

mesmo período de 2024 (12 fronte ás 13 de entón) e tamén se reduciron moderadamente as xornadas non traballadas (-15%) e o fixeron con máis forza as persoas participantes (-52%). En España tamén se reduciron todos os valores dos parámetros que miden a conflitividade: o número de folgas o fixo nun terzo e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo por riba do -10%. Pola súa parte, as xornadas non traballadas se reduciron en máis do -41% fronte ao acontecido nos cinco primeiros meses de 2024.

Expedientes de Regulación de Emprego

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Maio 2024-2025

	TOTAL			DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADAS		
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
Galicia	7.782	2.385	44%	477	-305	-39%	7.242	2.780	82%	63	-70	-53%
España	50.040	-11.186	-18%	14.842	578	4%	33.202	-8.997	-23%	2.196	-1.767	-45%

(Datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social nas súas Estadísticas de expedientes de regulación de emprego)

evolución por tipo de expediente indica que o aumento de ERE en Galicia produciuse de xeito exclusivo entre os ERE de suspensión de contratos cun 62%, mentres que os derivados de despedimentos colectivos e redución de xornadas diminuíron con forza cun-39% e un -53% respectivamente. En España os ERE por suspensión de contratos reducíronse nun -23% e os de despedimentos colectivos aumentaron no 4%, co que os dous tipos seguiron una evolución oposta á rexistrada en Galicia, mentres que os de redución de xornada si que amosaron un comportamento similar tras rexistrar cunha redución do -45%.

Os datos recollidos ata o mes de maio de 2025 na *Estadística de huelgas y cierres patronales* do Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan en Galicia se produciu unha redución da conflitividade neste período. Así, o número de folgas reduciuse en máis do -7% respecto do

Os datos recollidos ata o mes de maio de 2025 na *Estadística de expedientes de regulación de empleo* publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan un aumento do 44% n o número de persoas traballadoras en ERE en Galicia, dato que contrasta coa redución do -18% rexistrada en España nese período. A

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2021-2025

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
2024	2.808,4	5,2	22,1	5,1	2.055,3	5,3	16,2	3,7
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.062,8	5,0	15,6	3,7
3T24	2.752,6	5,1	22,9	8,4	1.997,0	5,0	16,6	8,4
4T24	2.947,4	4,5	23,3	3,2	2.195,8	4,8	17,4	3,5
1T25	2.781,5	2,3	21,3	1,8	1.999,6	1,7	15,3	1,2

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

incremento interanual do 1,7% respecto do mesmo trimestre no ano 2024. O custo salarial por persoa traballadora e mes en España medrou nun 3,8% interanual no trimestre logo de ficar nos 2.290,46 €/mes, de xeito que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España rexistrou un aumento de tres décimas de punto e pasou a ser do -12,7%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva no segundo trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do primeiro trimestre anterior nun 1,6% e nun 1,2% respectivamente. No caso de España o fixeron e dun xeito maior -nun 2,2% para os dous parámetros-. Tanto en Galicia como en España os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, laborais ou salariais, foron por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2025

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.300	52.447,4	179	-52,9%	93	27,0%
Sociedades que ampliaron capital	268	164.196,3	-68	-18,0%	-9	65,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

invertido en novas sociedades mercantís se vira reducido en máis da metade nestes tres meses. Porén, respecto do segundo trimestre do ano anterior aumentaron tanto o número de novas sociedades mercantís constituídas (preto do 8%) como o capital invertido nelas (un 27% máis). O número de sociedades que ampliaron capital diminuíu respecto do primeiro trimestre do ano nun -20% e o descenso no capital ampliado foi do -18%. Respecto do segundo trimestre de 2024 o número de sociedades que ampliaron capital tamén se reduciu (-3%) pero o capital ampliado foi moi superior ao que se rexistrara fai catro trimestres logo de acadarse un aumento superior ao 65% nesta variable.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2025

	2T25	1T25	2T24
Sociedades disolvidas	266	553	281
Sociedades que reducen capital	60	93	51
Sociedades en situación concursal	54	92	70

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

no trimestre anterior e tres menos que fai catro trimestres, mentres que os procesos de fusión foron en seis fronte aos 18 do terceiro trimestre do ano e os sete de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o primeiro semestre de 2025, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 15 ditames sobre normativa laboral autonómica, catro máis dos emitidos durante o primeiro semestre de 2024.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro semestre de 2025 tiveron entrada no AGA 60 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 19 menos das que foron recibidas no mesmo semestre de 2024. Entre as 32 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (15 menos que no mesmo período de 2024), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 68,8%. Así mesmo proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes seis meses tiveron lugar na sede do Consello 33 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 11 Convenios colectivos de sector.

Para finalizar, no que toca a nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre rematou a III edición do Curso de Especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social organizado en colaboración coa Universidade da Coruña e comezou a I edición dos Cursos de formación específica en Negociación Colectiva en forma de Microcredenciais Universitarias organizado en colaboración coa USC. Tamén tiveron lugar dúas xornadas, a primeira delas en Ferrol e dedicada a *O traballo informal en España* e a segunda en Santiago e dedicada á *Mediación Intraxudicial e a transformación procesal*.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

